

PASEARTE

Do 2 de decembro ao 5 de xaneiro, 2017-2018

I MOSTRA DE ARTE
NOS ESCAPARATES
DE SANTIAGO CENTRO

ENCONTROS
CON ARTISTAS

📅 12 DE DECEMBRO

📍 CSX O Ensanche

🕒 18 h

ENCONTROS I
Encontro co artista
Joseba Muruzábal da
Galería METRO

📅 19 DE DECEMBRO

📍 CSX O Ensanche

🕒 19 h

ENCONTROS II
Encontro con **David**
Planas da Galería
LUISA PITA

Despois da súa formación da Escuela Vocacional de Arte Juan Pablo Duarte e na Escuela Nacional de Artes Plásticas de La Habana, David Planas trasládase a España, establecéndose en Santiago de Compostela. Desde aquí desenvolve o seu traballo realizando diversas exposicións individuais e colectivas. As súas obras forman parte de exposicións colectivas en diferentes países como Alemaña, Italia, Bulgaria e EEUU. Neste ano 2017 foi seleccionado en dúas ocasións polo xurado presidido por Antonio López para a exposición no Museo Casa Ibañez e o Certamen Figurativas Painting & Sculture Competition exposición do Museo Europeo e Arte Moderno.

📅 27 DE DECEMBRO

📍 CSX O Ensanche

🕒 18 h

ENCONTROS III
Encontro con **Roberto**
González da Galería
FEDERICA NO ERA
TONTA

Roberto González Fernández (Monforte de Lemos, 1948) estudou na Escola de Belas Artes de San Fernando de Madrid antes de trasladarse a Edimburgo. Dende 1982 vive e traballa a cabalo entre a capital escocesa e Madrid. En 1984 é becado pola New York Foundation for the Arts. A súa obra forma parte de importantes coleccións como Afundación, Edinburgh City Art Center, ou o Museo Kelvingrove de Glasgow, así como de importantes centros de arte como a Colección Forbes en Nova York ou o Museo Victoria&Albert de Londres. Este consagrado artista multidisciplinar emprega a plástica como un medio de expresión no que fluctúan conceptualismo e realismo. O ser humano e a preocupación polo espacio e o tempo son constantes na súa obra. O encontro xira en torno á relación de Roberto González Fernández con Santiago de Compostela.

📅 3 DE XANEIRO

📍 CSX O Ensanche

🕒 18 h

ENCONTRO IV
Encontro con **Xurxo**
Martiño da Galería
TRINTA

O sino de Xurxo Martiño (Vimianzo, A Coruña, 1964) leva anos escribindose sobre unha tea, unha táboa ou un simple papel; leva anos, tamén, resolvéndose cun discurso coherente no que aprehende a realidade que o cerca, rescata empatías artísticas e alenta de xeito constante unha inquietude explorativa de medios e técnicas. Estes aspectos dan rigor ao seu traballo e terminan por ofrecer, en cada cita expositiva, unha fisonomía da súa obra rexuvenecida, xa que, aínda que existen enunciados próximos entre as distintas etapas da súa traxectoria, no continuo reciclaxe aparece sempre un factor distinto que refresca a acción creativa. Afincado en Santiago, donde desenvolve a súa actividade artística e dirixe a Altaira Arte e Ensino.